



## DECRETO DA ALCALDÍA

Nº expediente: 523/2026

**BASES E CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DO SERVIZO “CONTRATACIÓN DE PEÓNS FORESTAIS SUMA TALENTO – RURAL ACTIVO 2026” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E COMERCIO E EMIGRACIÓN SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (CÓDIGO TR351G).**

Vista a concesión de subvención ó abeiro da *ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G)*, (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026), por importe de 50.865,09 €, nº de rexistro de entrada 2026-E-RC-639 e data 22/04/2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Vistos os RCs nº 2026/EP/000405 e 2026/EP/002056 (15/05/2026).

Visto o informe de intervención 15/05/2026.

Visto o decreto de Alcaldía nº 2026-0406 de data 19/05/2026 e a necesidade de modificar as bases, no senso de cambiar as datas de presentación de solicitudes e a data de realización da proba práctica, e tendo en conta que ditas bases aprobadas por resolución de 19/05/2026 aínda non foran obxecto de publicación.

Vistas as novas bases para **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DO SERVIZO “CONTRATACIÓN DE PEÓNS FORESTAIS SUMA TALENTO – RURAL ACTIVO 2026” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E COMERCIO E EMIGRACIÓN SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (CÓDIGO TR351G)**, asinadas pola Alcaldía en data 20/05/2026.

Considerando que a *ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G)*, (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026), alude á precisa utilización da modalidade de contratos de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (Art 15.1).

Considerando a memoria xustificativa da necesidade de 02/03/2026 obrante no expediente e considerando que a presente contratación responde a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia, así como a necesidades que afectan a funcións prioritarias indispensables para poder satisfacer as

**DECRETO**  
Número: 2026-0407  
Data: 20/05/2026





necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local, coa motivación sinalada, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases (asinadas pola Alcaldía en data 20/05/2026) e a convocatoria para a contratación laboral temporal de TRES PEÓNS FORESTAIS, para realización do servizo denominado “contratación peóns forestais SUMA TALENTO – RURAL ACTIVO 2026”, resolvendo a discrepancia manifestada pola intervención no seu informe de reparo de 15/05/2026.

**“BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DO SERVIZO “CONTRATACIÓN DE PEÓNS FORESTAIS SUMA TALENTO – RURAL ACTIVO 2026” SUBVENCIONADO POLA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E COMERCIO E EMIGRACIÓN SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (CÓDIGO TR351G).**

Base primeira.- Obxecto

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedeu ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención por importe de 50.865,09 € para a realización do servizo “Contratación de peóns forestais suma talento rural – rural activo 2026” ó abeiro da *ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026).*

De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia ( en diante SEPEG) como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, segundo artigo 14 da orde de subvención .

Base segunda.- Tipo de contrato.-

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal de duración determida:

- TRES PEÓNS FORESTAIS .

Duración do contrato: 9 (NOVE) meses con xornada laboral completa en categoría profesional : peón, grupo de cotización 10, código de ocupación D.

As retribucións salarias brutas, incluídas as prorratas das pagas extras son:

Salario bruto incluídas as pagas extras .....= 1.424,50 €

S.S. a cargo da empresa.....= 549,14 €

**DECRETO**  
Número: 2026-0407  
Data: 20/05/2026





Base terceira.-Prazas.-

TRES prazas de PEÓN FORESTAL para a realización do servizo “ Contratación de peóns forestais suma talento rural – rural activo 2026 ” ó ó abeiro da *ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026).*

Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- e) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

Base sexta.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

De acordo co artigo 14 ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026), o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos.

Polo tanto as persoas que non se relacionen no listado que envíe o SPEG será motivo de exclusión do proceso.





Base sétima.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.-

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, podrán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, anexo I, como data límite o día 1 de xuño de 2026. O SPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademais o listado publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.
- b) Copia da tarxeta de demandante de emprego actualizada a data de presentación da solicitude.
- c) Declaración xurada de cumprir os requisitos descritos na base quinta letra c), d), e), f), g), e h). necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- d) Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo da solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

Base Oitava.- Procedemento de selección.-

O proceso de selección contará con dúas fases:

Fase A: consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo o artigo 14 da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), (DOG nº24, xoves, 5 de febreiro de 2026), coas seguintes puntuacións:

- A.** Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (afd), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandaría e xardinaría; 0,20 puntos





Acreditaras con certificado da realización.

- B.** Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia; 0,20 puntos

Integrantes desfavorecidas ou en risco de exclusión social 0,20 puntos

- C.** Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual:

Muller: 0,20 puntos

Vítima violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual: 0,30 puntos

A muller vítima de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Copia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

**D. PERSONAS PARADAS DE LONGA DURACIÓN 0,20 PUNTOS**

Aos efectos destas bases, considérase persoa desempregada de longa duración aquelas persoas inscritas ininterrumpidamente na oficina de emprego, como demandante de emprego durante 365 días ou mais anteriores a data de solicitude de presentación ao proceso selectivo.

O criterio acreditarase (de se-lo caso) con informe/certificado expedido polo Servizo Público de Emprego

- E.** Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.

Menores de 30 anos 0,20 puntos: acreditarase co DNI.

Menores de 30 anos que sexan demandantes do primeiro emprego 0,30 puntos. Acreditarase co informe de vida laboral.

Menores de 30 anos sen cualificación profesional 0,30 puntos. Acreditarase cunha declaración responsable.

Considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional.

- F.** Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 0,20 puntos

Acreditarase con informe do Servizo de Emprego de Galicia.

- G.** Persoas desempregadas maiores de 45 anos; 0,20 puntos





O criterio de ser maior de 45 anos (de se-lo caso) acreditarase co DNI.

**H.** Persoas trans; 0,20 puntos.

Documentación acreditativa do rexistro civil.

**I.** Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, 0,20 puntos.

Acreditarase coa certificación correspondente.

**J.** As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España., 0,20 puntos.

**K.** Menor nivel de protección de desemprego

Protección de 1 a 3 meses incluídos por desemprego 0,20 puntos

Protección de 3 a 6 meses incluídos por desemprego 0,10 puntos

Acreditarase con certificación ou informe do Servizo Público de Emprego.

**L.** Por cargas familiares

Acreditarase coa fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia e declaración responsable de que a persoa que está a cargo non percibe ingresos, según o caso.

Por cada fillo/a menor de 26 anos	0,10puntos
Por cada fillo con discapacidade	0,10puntos
Por cada persoa maior incapacitada	0,10puntos
Por cada menor en acollemento	0,10puntos
Por cónxuxe a cargo/parella de feito	0,10puntos

Fase B: Proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima de 4 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 2 puntos. A proba práctica realizarase o 2 de xuño de 2026 ás 09:00 na nave do Concello de Pazos de Borbén.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoais e Garantía dos dereitos dixitais, e informámoslle que os seus datos persoais serán





rexistrados nos ficheiros automatizados do *CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN* “*FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL*” (BOPPO N°98, 23/05/2012), coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a [concello@pazosdeborben.org](mailto:concello@pazosdeborben.org), achegando en ambos os casos copia do D.N.I..

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

Base novena.- Relación de aprobados e recursos.-

A cualificación dos aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos nas fases de criterios socio-laborais e a proba práctica fixados na base oitava.

A listaxe provisional de aprobados será publicada na sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, Pazos nº52 (Pazos de Borbén), concedéndolles un prazo de dous días hábiles seguintes para presentar reclamacións.

A listaxe definitiva de seleccionados para contratación será publicada na sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén, <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, do Concello de Pazos de Borbén, e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> concedéndolles un prazo de dous días hábiles seguintes para presentar reclamacións.

Contra a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada anta a alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común Cualificación definitiva-

Base décima: funcionamento da lista

Concello de Pazos de Borbén publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>, a listaxe de integrantes da lista aos que se procede a chamar para cubrir as prazas correspondentes, outorgándose un prazo de 2 días hábiles para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta para cubrir a vacante ou vacantes que se pretenden cubrir, respectando en todo caso o lugar se ocupe na lista de reserva. Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.

Aquel/a ou aqueles/as dos/as integrantes da lista que, sendo chamados/as, manifesten dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que están dispostos/as a aceptar a oferta, de acordo coa orde que figure na lista de reserva e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, serán propostos para ser contratados/as como persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica





(<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

—Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

—Fotocopia da cartilla da S.S.

—Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

—Declaración responsable de non padecer padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

— Tarxeta de demandante de emprego actualizada a data de presentación da aceptación do posto.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 1 día hábil para a súa achega ou subsanación que se contará desde o seu requirimento efectuado pola unidade de Persoal que poderá ser ben mediante chamada telefónica ou ben mediante correo electrónico, para unha maior axilidade na súa tramitación, así mesmo tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Pola alcaldía procederase a contratación laboral do/a candidato/a que corresponda que dentro do prazo indicado presente a documentación referida e acredite que reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria.

En caso contrario, salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, o/a candidato/a que non cumpra co establecido no parágrafo anterior non poderá ser contratado/a ou nomeado, quedando anuladas todas as actuacións e sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

A resolución de contratación laboral publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> durante un prazo de 1 mes, co seu réxime de recursos.

Aqueles que figuren na proposta de contratación ou nomeamento pero non acheguen a documentación no prazo indicado, poderá considerarse que renuncian as prazas ou postos ofertados, debendo neste caso propor a contratación/nomeamento aos seguintes que foran chamados e aceptasen a oferta, pola orde que figuren na lista e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, procedéndose da mesma forma.

Rematado o proceso selectivo, elaborase unha lista de reserva, con validez de oito meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

Base décimo primeira: Tribunal cualificador.-

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros.

Un presidente: Roberto Carlos Costa Tellado

Secretaria: María Begoña Tellado Míguez

Tres vogais:

1º Jose Manuel Soto Virulegio

2º David Rial Sobrino

3º Alejandro Reguera Varela





Suplentes:

Presidente: Pilar Fernández Alonso

Secretaria: Vanesa Boullosa Peralba

Vogais suplentes:

- Luz Divina Otero Camiña
- María del Rosario González Sánchez
- María Isabel Fragueiro Piñeiro

Os integrantes do tribunal serán designado polo concello de Pazos de Borbén. Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorran neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

Base décimo segunda.- Carácter vinculante das bases e incidencias

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Base décimo segunda.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL, DENTRO DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (SUMA TALENTO-RURAL ACTIVO 2026).

DECRETO  
Número: 2026-0407  
Data: 20/05/2026





Nome \_\_\_\_\_ Apelidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Nº \_\_\_\_\_

Piso \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail : \_\_\_\_\_

Documentación:

- DNI
- TARXETA DE DEMANDANTE DE EMPREGO ACTUALIZADA
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

***Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos***

*Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas*

**DECRETO**  
Número: 2026-0407 Data: 20/05/2026





**Información básica sobre protección de datos**

*Responsable: Concello de Pazos de Borbén*

*Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.*

*Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.*

*Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.*

*Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.*

*Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>*

**PRESTA O SEU CONSENTIMENTO** para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Pazos de Borbén, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026”

**Segundo.-** Publicar o texto íntegro das bases desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

**Terceiro.-** Solicitar oferta ao Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados para os efectos, **solicitando un máximo de 5 persoas para o posto.**

**Cuarto.-** Aprobar o gasto correspondente a contratación laboral temporal de TRES PEÓNS FORESTAIS, para realización do servizo denominado “contratación peóns forestais SUMA TALENTO – RURAL ACTIVO 2026”.

**Quinto.-** Deixar sen efecto o decreto de Alcaldía nº 2026-0406 de data 19/05/2026, dado que a presente convocatoria e bases substitúen ás aprobadas pola anterior resolución de 19/05/2026.

Manda e asíno o Sr. Alcalde en Pazos de Borbén,

**DECRETO**  
Número: 2026-0407  
Data: 20/05/2026





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN  
(PONTEVEDRA)

*O DECRETOU O SR. ALCALDE-PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU SECRETARIO-INTERVENTOR DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL Á MARXE.*

**DECRETO**

Número: 2026-0407

Data: 20/05/2026

Cod. Validación: PDRNE26WC443HYHQNJ2OXHZ5W  
Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 12

